

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 4 de marzo de 2016

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D^a. Angeles Marra Domínguez

D^a. Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día catro de marzo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(201).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

Ratifícase a urxencia por todos os presentes.

2(202).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO E ASISTENCIA

SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS EN PRAIAS E AREAIS DO CONCELLO DE VIGO, 2016-2017. EXPTE. 11483/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02/03/16, dáse conta do informe-proposta do 02/03/16, do xefe do servizo de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes de feito

O contrato administrativo ao amparo do cal a entidade Cruz Roja Española viña prestando os servizos de vixilancia, socorrismo e salvamento en determinados areais do Concello de Vigo, rematou o 15 de setembro de 2015, o ter transcorrido o prazo de dous anos de vixencia de dito contrato e as dúas prórrogas anuais legalmente previstas neste (expte. 8316/306).

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data do 29 de decembro de 2015, emite informe sobre a necesidade e idoneidade de efectuar un novo contrato administrativo para a prestación dos servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios en determinados areais do Concello de Vigo.

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, ao abeiro do establecido no artigo 109.1., Disposición adicional segunda, apartado 3, do TRLCSP Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (en adiante, TRLCSP), acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015 en relación coa resolución da Alcaldía da mesma data (BOP 14/07/2015), resolveu en data 30 de decembro de 2015, "iniciar o procedemento administrativo para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios en determinados areais de Vigo, para os anos 2016 e 2017, e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 109 do TRLCSP e demais que legalmente procedan de conformidade coa citada norma."

Os areais nos que inicialmente se prestará o servizo son os seguintes:

"A Punta (Teis), O Tombo do Gato, Argazada, Samil (Alcabre), O Vao, Fontaiña (Coruxo), Canido (San Miguel de Oia), Fortiñón (Saiáns), Rodas e Figuerias (Illas Cies)".

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo redactou o correspondente prego de prescricións técnicas, informe xustificativo do orzamento, criterios de adxudicación e determinacións a ter en conta no prego de cláusulas administrativas particulares con data do 04/02/2016.

A xefa do Servizo de Contratación redactou o corresponden prego definitivo de cláusulas administrativas particulares sendo asinado electronicamente o 12 de febreiro de 2016.

A titular da Asesoría Xurídica municipal emite informe xurídico asinado dixitalmente o 16 de febreiro de 2016, sobre o prego de cláusulas administrativas particulares.

II.- Fundamentos de dereito

a) Competencia municipal

O artigo 110.i) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas indica que lle corresponde á Administración do Estado a elaboración e aprobación das disposicións sobre seguridade humana en lugares de baño e salvamento marítimo.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A Orde de 31 de xullo de 1972 (BOE 02/08/1972) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño, establece no artigo 11 que “corresponde aos Concellos vixiar a observancia nos lugares de baño destas normas xerais e instrucións sobre o mantemento do material de salvamento e demais medidas de seguridade para as vidas humanas”, e nos artigos 6 a 9 sinala os servizos de vixilancia, auxilio e salvamento.

O Estatuto de Autonomía de Galicia (L.O. 1/1981, de 6 de abril) atribúe á comunidade autónoma de Galicia competencias exclusivas en ordenación do litoral (artigo 27.3.) e a execución da lexislación do estado sobre salvamento marítimo (artigo 29.3).

A Resolución de 22 de maio de 2001, da Dirección xeral de Interior e Protección Civil da Xunta de Galicia, dispón a publicación da revisión e actuación do Plan de Salvamento en Praias de Galicia (Plan Sapruga) homologado pola Comisión Galega de Protección Civil (DOG 19/06/2001) e que, segundo se indica neste, está implantado no Concello de Vigo.

No mentado plan Sapruga indícase que a responsabilidade da seguridade das praias é competencia dos concellos (apartado I.1.), que a administración local participa no Plan, entre outros, cos Servizos de salvamento e socorrismo de praias do concello (apartado VI.1).

A vixente redacción do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, regulada da bases de réxime local, trala modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, xa non contempla expresamente a competencia municipal de “seguridade en lugares públicos” cinguíndose a funcións de “Policía local”, aínda que mantén a “protección civil” e o “medio ambiente urbano”.

Neste sentido, o feito de que o novo listado de materias establecido no actual artigo 25.2 teña eliminado algunha das contidas na anterior redacción e engadido outras non supón que queden sen efecto as atribucións competencias efectuadas por normas con rango de lei polo Estado ou as CC.AA nas materias que xa non se recollen no artigo 25.2 (ou que no seu momento non se recollían e agora tampouco), senón que se eliminou o seu carácter básico no que se refire a garantía da autonomía municipal respecto desa materia, estando a lexislación sectorial que atribuíu as competencias de que se trate (no caso que nos ocupa, a establecida no artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas) plenamente vixente, con independencia de que agora o lexislador estatal ou autonómico podería derrogar as competencias outorgadas no seu momento (competencias incluídas nas materias do artigo 25.2 ou das materias non incluídas na nova redacción) sen afectar a autonomía municipal na materia de que se trate por canto, a día de hoxe, e segundo o lexislador básico estatal (artigo 149.1.18 CE) non forman parte do núcleo básico da autonomía local.

Este é o criterio seguido pola Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que mantén as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei 27/2013 segundo o indicado na súa Disposición adicional primeira e, tamén, que os concellos sigan prestando servizos xa establecidos que non se entenderan como o exercicio de novas competencias segundo o artigo 3.3.a) da citada norma, como sería o caso que nos ocupa (exptes. administrativos núms. 8316/306, 10938/306 ó amparo dos cales se viñan prestando estes servizos).

A seguridade das persoas na praia na época estival é un servizo esencial que ven desenvolvendo o Concello de Vigo ó abeiro do artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e normativa anteriormente citada, e que non pode deixar de prestarse sen que sexa asumido por algunha administración pública polo que, en tanto en canto non se derroga a lexislación sectorial que atribúe a dita competencia aos Concellos ou non se adapte á normativa sectorial existente, ben estatal, ben autonómica, segundo quen teña atribuído constitucionalmente a competencia na materia, cómpre imperativamente que o concello siga garantindo a seguridade das persoas nos areais.

Asemade, o Concello de Vigo ven solicitando nos últimos anos o distintivo "Bandeira Azul" para nove areais: A Punta (Teis), O Tombo do Gato, Argazada (Alcabre), O Vao, Fontaíña (Coruxo), Canido (San Miguel de Oia), Fortiñón (Saiáns), Rodas e Figueiras (Illas Cíes). O distintivo "Bandeira Azul" establece como cuestión de obrigado cumprimento que os areais que obteñan este distintivo dispoñan de persoal de salvamento e socorrismo asignado a cada un deles.

Mención especial merecen por razóns de seguridade, habida conta das súas especiais características e gran afluencia de usuarios na época de baño, a necesidade especial de vixilancia, socorrismo e salvamento nas praias de Samil, Argaza (Alcabre).

En atención ao anteriormente exposto, o Concello de Vigo debe prestar os servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento e primeiros auxilios nas praias do termo municipal de Vigo, especialmente nas de gran e media afluencia, que ademais, viñéronse prestando e considerando necesarios en anos anteriores. A saber:

"A Punta (Teis), O Tombo do Gato, Argazada, Samil (Alcabre), O Vao, Fontaíña (Coruxo), Canido (San Miguel de Oia), Fortiñón (Saiáns), Rodas e Figueiras (Illas Cíes)".

Á area de Medio Ambiente ten atribuído, en virtude da resolución da alcaldía de data 19 de xuño de 2015 (BOP 14/07/2015), "a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, e o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada".

O Concello de Vigo, Servizo de Medio Ambiente, non dispón de persoal coa capacidade e profesionalidade precisos nin de medios técnicos para prestar o servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios en praias do termo municipal Vigo durante o período estival polo que é preciso a contratación destes servizos ao ter rematado neste ano 2015 o prazo de duración do contrato administrativo -incluídos os dous anos de prórroga- ao amparo do cal a entidade Cruz Roja Española viña prestando ditos servizos (expte. 8316/306), a asistencia sanitaria en virtude de convenio (expte. 10938/306).

a) Contratación dos servizos

De acordo co artigo 109 do TRLCSP a realización de contratos por parte das Administracións públicas requirirá da previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 22 da Lei. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, que deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con esta e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación (artigos 115 e 116 do TRLCSP).

A documentación anteriormente citada incorporouse ao presente expediente de contratación tal e como se sinala nos antecedentes de feito deste informe.

O prego de cláusulas administrativas particulares regula un contrato administrativo de servizos cuxo obxecto é a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios en areas do Concello de Vigo, que prevé o artigo 10 e 19. 1 do TRLCSP, non suxeito a regulación harmonizada ao non estar incluído nas categorías 1 a 16 do Anexo II do TRLCSP (artigo 13 da citada Lei), susceptible de recurso especial en materia de contratación ao abeiro do establecido no artigo 40.1.b) do TRLCSP e no que non é necesaria a clasificación ao tratarse dun contrato de servizos comprendido na categoría 27 do Anexo II, conforme ao artigo 65.1. do TRLCSP.

O procedemento de adxudicación será o aberto ao abeiro do establecido no artigo 138.2. do TRLCSP e trámite ordinario.

O prazo de duración do contrato será de dous anos, 2016 e 2017, establecéndose a posibilidade de prórroga ano a ano para os anos 2018 e 2019.

O orzamento base de licitación ascende a 852.213,82 euros (o importe sen IVE é de 704.308,94 €; o IVE do 21% é de 147.904,88 €), dos cales 426.106,91 € corresponden á anualidade 2016, sendo o importe de 240.106,91 euros con cargo á partida orzamentaria 1720.227.01.00 "Vixilancia de praias" e 186.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias"; e 426.106,91€ á anualidade 2017, correspondendo 240.106,91 euros con cargo á partida orzamentaria 1720.227.01.00 "Vixilancia de praias" e 186.000,00 € con cargo a partida orzamentaria 1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias".

A aprobación de ditos pregos así como o expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponderá á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (artigos 110, 115, 116 e Disposición Adicional Segunda do TRLCSP).

A aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares terá que ir precedido do informe da titular da Asesoría Xurídica e Intervención Xeral (Disposición adicional segunda, apartado 7, do TRLCSP).

Deberá incorporarse ao expediente certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa (artigo 109.3. do TRLCSP).

A titular da Asesoría Xurídica municipal emitiu informe xurídico asinado dixitalmente o 16 de febreiro de 2016, sobre o prego de cláusulas administrativas particulares.

Polo exposto, unha vez emitido o preceptivo informe da Intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios en praias ou areas do Concello de Vigo, para os anos 2016 e 2017, conforme ao prego de prescricións técnicas asinado dixitalmente polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data do 04/02/2016, conformado pola concelleira delegada da área de Medio Ambiente e Vida Saudable, e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa do Servizo de Contratación de data 12/02/2016.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 852.213,82 euros (o importe sen IVE é de 704.308,94 €; o IVE do 21% é de 147.904,88 €), dos cales 426.106,91 € corresponde a anualidade 2016, sendo o importe de 240.106,91 euros con cargo á partida orzamentaria 1720.227.01.00 "Vixilancia de praias" e 186.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias"; e 426.106,91€ á anualidade 2017, correspondendo 240.106,91 euros con cargo á partida orzamentaria 1720.227.01.00 "Vixilancia de praias" e 186.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias".

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao prevenido no TRLCSP."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(203).- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NO PLAN MARCO: MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS 2016(COFINANCIADO CO FEADER) E APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO "REFORZO DE CAPA DE RODADURA DO FIRME DUN TRAMO DA ESTRADA ZONDAL".EXPTE. 76484/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02/02/16, dáse conta do informe-proposta do 25/02/16, do xefe do servizo de Vías e Obras e infraestruturas, conformado pola xefa das áreas da Tenencia da Alcaldía, polo técnico de xestión-dirección de Ingresos e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

"Con data de 1 de febreiro de 2016 o Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante AGADER), remite Resolución do 25 de xaneiro pola que se aproba o Plan marco: mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias 2016 (en adiante PLAN), cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (en adiante FEADER) ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

Con data 23 de febreiro de 2016 o Concelleiro delegado da Area de Fomento decretou o inicio do expediente para a participación do Concello de Vigo no PLAN.

O PLAN ten como obxecto a mellora das infraestruturas no medio rural de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias.

Figura o listado dos concellos beneficiarios e as correspondentes asignacións. O Concello de Vigo figura cunha asignación total de 95.487,00 €.

Entre a tipoloxía de actuacións previstas, atópase:

Ampliación: as que supoñan un incremento da largura que incidan na mellora de seguridade vial, permita o cruce de vehículos ou sobreanchos necesarios en zonas de curvas, de baixa visibilidade ou entroncamentos. Tamén poderán incluír obras de incremento de lonxitude sempre e cando esta ampliación supoña rematar nunha estrada ou noutro camiño.

Mellora: as que supoñan un reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características do tráfico rodado que soportan. Terán tamén esta consideración as obras de mellora do drenaxe, da seguridade vial, reforzo de noiros (con muros ou outras estruturas de contención), adecuación de obras de paso de cauces e reforzo de cunetas así como a integración ambiental ou a mellora da sinalización.

Mantemento: tanto do firme existente (escarificacións e compactacións, arranxo de fochas, tratamentos superficiais etc) como das marxes do mesmo (limpeza e perfilado de noiros e cunetas), reforzos dos terrapléns. Non se subvencionarán actuacións consistentes só en arranxo de fochas.

Aos efectos deste PLAN, enténdese por camiños municipais de acceso a explotacións agrarias aqueles de indubidable titularidade municipal que faciliten o acceso a fincas que integran unha explotación agraria, inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia(REAGA) ou noutro rexistro público de carácter análogo.

Quedan excluídas as actuacións en rúas e vías interiores dentro dos núcleos de poboación
Elixibilidade dos gastos:

Con carácter xeral, son subvencionables os investimentos necesarios para as obras de mellora, mantemento e ampliación da rede viaria existente. En particular:

Obra civil vinculada á execución do proxecto
Servizo de control da calidade da obra

Non serán subvencionables en ningún caso:

–O Imposto do Valor Engadido (IVE).

–Os gastos correspondentes a actuacións que inclúan obras de alumeado, abastecemento e saneamento de augas fecais.

–Os gastos de redacción de proxecto, nin os de estudos necesarios para a súa redacción.

- Os gastos de dirección de obra, de coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou outros servizos complementarios.

–Gastos por taxas ou licencias necesarias.

–Con carácter xeral, os gastos de obra das actuacións que non fosen aprobadas por Agader.

–O panel de obra.

Non se admitirán partidas a tanto alzado.

O prazo para presentar as solicitudes para acollerse ás axudas previstas no Plan marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias- 2016 será de un (1) mes, contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución de aprobación do citado Plan Marco. Se o último día do prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. A notificación da resolución foi recibida no rexistro Xeral do Concello de Vigo o 03/02/2016 con nº de documento 160012259, polo que o prazo para presentar a solicitude da axuda, remata o venres 4 de marzo de 2016.

A solicitude da axuda debe ser para un único proxecto, que pode incluír actuacións en diferente camiños.

As unidades de obra utilizadas nos proxectos terán que axustarse na súa totalidade á estrutura de descomposición das tarifas SEAGA vixentes.

O xefe do Servizo de Vías e Obras, con data 16 de febreiro de 2016, informa que a capa de rodadura do firme da estrada do Zondal nun dos seus tramos encontrase en mal estado, sendo necesario o seu reforzo. Esta estrada está incluída no inventario de viais municipais segundo informe do Servizo Municipal Patrimonio, e nas súas marxes atópanse zonas de montes de man común as que da acceso, polo que axústase a os requisitos do PLAN.

O proxecto redactado por Ingeniería Tecnigal S.L. contempla o reforzo da capa de rodadura do firme da estrada do Zondal nun tramo de 700 metros lineais. Contempla o reforzo da capa de rodadura así como a execución dunha cuneta en formigón e un cruce da estrada para drenaxe transversal .

O proxecto inclúe o correspondente estudo básico de seguridade e saúde de acordo co establecido no Real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro, así como estudio de xestión de residuos.

Os prezos das unidades de obra son os que figuran no cadro de prezos vixentes do SEAGA, que cumpren co establecido PLAN.

O presuposto base de licitación é de 115.539,26 €, inferior aos 350.000 €. As obras non afectan á estabilidade, seguridade e estanquidade da estrada. O proxecto ten en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica que resulta de aplicación. Todo elo non require do trámite administrativo de supervisión do proxecto previo a súa aprobación, de acordo co previsto no art. 125 do Real Decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo tanto, a documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa vixente de aplicación e reúne os requisitos esixidos polo citado R.D.L. 3/2011, polo que se informa favorablemente para a súa aprobación.

Consta no expediente informe do xefe de Servizo de Vías e Obras, sobre a necesidade da execución das obras, de data 16 de febreiro de 2016.

As obras contempladas no proxecto resultan necesarias para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade".

O orzamento de execución material ascende á cantidade de 80.241.17 euros, á que engadindo o importe de 15.245,82 euros polo 13 % en concepto de gastos xerais e un 6 % en concepto de beneficio industrial, supón unha base impositible por importe de 95.486,99 euros, cantidade que coincide coa totalidade da axuda. O 21 % de IVE resulta ser de 20.052,27 euros, o que supón un orzamento base de licitación de 115.539,26 euros.

Para a tramitación da axuda, AGADER esixe o nomeamento expreso dun representante municipal.

Polo exposto proponse:

1º Aprobar a participación do Concello de Vigo no Plan marco: mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

2º Designar ao concelleiro delegado da Área de Fomento, D. David Regades Fernández, con D.N.I. 36.077.372-D, como representante do Concello de Vigo ante a Consellería de Medio Rural e do Mar, para os trámites que sexan precisos, para a obtención das axudas previstas para este Concello Plan marco: mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias 2016), cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

3º Aprobar tecnicamente o proxecto de "Reforzo da capa de rodadura do firme dun tramo da estrada do Zondal, redactado por o Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Pablo López Fernández e o Enxeñeiro Técnico Industrial D. Jose Manuel Fouces Díaz de Ingeniería Tecnical S.L, cun orzamento de execución material de 80.241.17 euros, á que engadindo o importe de 15.245,82 euros polo 13 % en concepto de gastos xerais e un 6 % en concepto de beneficio industrial, supón unha base impositiva por importe de 95.486,99 euros, cantidade que coincide coa totalidade da axuda. O 21 % de IVE resulta ser de 20.052,27 euros, o que supón un orzamento base de licitación de 115.539,26 euros

4º Remitir o presente acordo a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), xunto coa solicitude do Concello de Vigo de participar no Plan marco: mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(204).- ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA. DE SANTA MARINA. EXPTE. 3179/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 03/03/16, dáse conta do informe-proposta do 03/03/16, do técnico de xestión-Dirección de Ingresos, conformado polo xefe de área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

"Localidade e situación: AVDA. DE SANTA MARIÑA

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO

Dirección facultativa: D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS

Contratista titular do plan: COPCISA, SA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:-----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. PABLO SABÍN MIRALLES DE IMPERIAL (COPCISA, SA)

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. ROBERTO PÉREZ PROL (COORDINA)

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: COPCISA, SA.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da obra "ENSANCHE DO ESTREITO DA PIVIDAL, NA AVDA DE SANTA MARIÑA".
2. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria **COPCISA, SA.**, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997)."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(205).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA VICEPRESIDENTA DA XMU DO 22.01.16 DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUITA DE PARCELAS DO PMS PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA POLO IGVS. EXPTE. 1821/433.

Dáse conta do seguinte informe-proposta do 22/01/16, da xefa de Asesoramento Xurídico da XMU:

"1.- ANTECEDENTES

1.- A Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo en data 12 de agosto de 2015, con entrada no Rexistro desta Xerencia o 09-09-2015 (doc 150114385), pon de manifesto que o Concello de Vigo ten acreditada no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, unha gran demanda de vivendas de promoción pública, sinalando que considera axeitadas para a construción de vivendas de promoción pública as parcelas propiedade deste Concello na UA. 03 CHANTADA e no P.P. CAMBESES-RÚA IGNACIO GROBA; solicita que de ser de interese para este Concello que o IGVS constrúa as referidas vivendas se inicie a tramitación dos expedientes de cesión das parcelas indicadas.

2.-Os terreos que o IGVS considera axeitados para a construción de vivendas de promoción pública que figuran no Inventario do Patrimonio Municipal do Solo (IPMS), e inscritos no Rexistro da Propiedade, son os seguintes:

<i>PARCELA B 8A P.P. CAMBESES– RÚA IGNACIO GROBAS: Parcela nº 150 do IPMS</i>	
<i>Situación</i>	<i>Avda. Ramón Nieto, Vigo</i>
<i>Superficie</i>	<i>1590 m2</i>
<i>Ref. catastrais</i>	<i>6257153NG2765N0001ZU</i>
<i>Inscripción rexistral</i>	<i>Rexistro da propiedade de Vigo n.º 2, Tomo 2222, Libro 1144, Folio 37, finca rexistral 68030</i>
<i>Lindeiros</i>	<i>Norte: Do límite Norte do P. Parcial; Sur: Vial "B" e aparcamento; Leste: Do límite Leste do P.P; Oeste: Parcela B.8b.</i>

<i>PARCELAS B 8B P.P. CAMBESES – RÚA IGNACIO GROBAS: Parcela nº 151 do IPMS</i>	
<i>Situación</i>	<i>Avda. Ramón Nieto, Vigo</i>
<i>Superficie</i>	<i>1660,00 m2</i>
<i>Ref. catastrais</i>	<i>6257152NG2765N0001SU</i>
<i>Inscripción rexistral</i>	<i>Rexistro da propiedade de Vigo n.º 2, Tomo 2222, Libro 1144, Folio 40, finca rexistral 68032</i>
<i>Lindeiros</i>	<i>Norte: Do límite Norte do P.P.Cambeses; Sur: Vial "B"; Leste: Parcela B.8.a; Oeste: Parcela B9.</i>

<i>PARCELA 8 U.A. 03 CHANTADA: Parcela nº 155 do IPMS</i>	
<i>Situación</i>	<i>Rúa Canicouva, Vigo</i>

<i>Superficie</i>	1419,70 m ²
<i>Ref. catastral</i>	3223451NG2723S0001ZA
<i>Inscripción rexistral</i>	Rexistro da propiedade de Vigo n.º 5, Tomo 1525, Libro 1525, Folio 1, finca rexistral 78701
<i>Lindeiros</i>	N: liña quebrada de 10m, de 0,70m, de 7,1m, 12,37m e de 10m con solo de beirarrúa perimetral e patio mancomunado da manzana 8 do Polígono Sur. En liña quebrada, curva de 2,87m, 5,22m, 6,92m, 19,34m e 12,55m con solo de beirarrúa do vial proxecto de Compensación.

3.- A arquitecta municipal en data 13-10-2015 informa sobre condicións urbanísticas de aplicación, planeamento urbanístico, clasificación do solo, usos admitidos, condicións de edificación e outros parámetros aplicables a ditas parcelas.

Anulado o Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2008 en data 14 -01-2016 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:

“Tras a sentenza do Tribunal Supremo do día 10.11.2015, recurso de casación núm.1658/2014, que declara a nulidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal do 2008, as condicións urbanísticas das parcelas cuxa cesión se solicita non se modifican substancialmente.

A ordenación pormenorizada dos ámbitos nos que se sitúan as mesmas foi autorizada en base ao PXOU93, e asumida con posterioridade polo PXOM08. As condicións e parámetros aplicables a estas parcelas (edificabilidade, alturas, usos, etc.) non se modifican respecto dos xa indicados no informe técnico do día 13.10.2015, definíndose as condicións de edificación no marco establecido polo PXOU93 para as cuestións non reguladas nas ordenacións pormenorizadas.

- **PARCELA NÚM. 8 U.A. 03 CHANTADA (predio núm. PMS 155)**
Situada no PXOU93 na UA 3 CHANTADA, desenvolta mediante o PERI aprobado polo pleno do Concello en sesión ordinaria do día 27.09.2004 (expte. 8425/411 e BOP 19.10.2004) e o proxecto de compensación foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 28.11.2005 (expte. 4618/411). O proxecto de urbanización foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 19.02.2007 (expte. 4629/401).
Os parámetros aplicables a esta parcela (edificabilidade, alturas, usos, etc.) son os recollidos no informe técnico do día 13.10.2015.
- **PARCELA B 8A PP CAMBESES-RÚA IGNACIO GROBAS (predio núm. PMS 150) e PARCELA B.8b CAMBESES-RÚA IGNACIO GROBAS (núm. PMS 151).**
Situadas no PXOU93 no PP1 IV 02 CAMBESES. O Plan Parcial Cambeses (Exp. 3577/411) foi aprobado en sesión plenaria de data 02/03/1998, e Rectificación aprobada segundo Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 07/02/02, e o Proxecto de Compensación (Exp. 4314/401) foi aprobado segundo Acordo de data 06/06/2002.
Os parámetros aplicables a esta parcela (edificabilidade, alturas, usos, etc.) son os recollidos no informe técnico do día 13.10.2015.

Xúntase copia das follas nas que se ubican as parcelas situadas na cartografía do PXOU93 dilixenciadas pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas (follas 21-25)”

4.- O Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas en data 11-12-2015 informa que as parcelas se atopan urbanizadas e dispoñen de servizos de alumeadado público, canalización de abastecemento de auga, rede de saneamento, e canalización eléctrica e de telecomunicacións.

6.- A Dirección Xeral do IGVS en data 21/01/2016 comunica que trala análise da documentación achegada considera axeitadas para a construción de vivendas de promoción pública as referidas parcelas.

O IGVS comprométese a ceder ao Concello de Vigo:

- Tantas vivendas construídas nos ditos edificios como sexa preciso de xeito que a superficie construída total das vivendas se corresponda co 5% da edificabilidade total das parcelas.
- Unha superficie de locais, construídos nos edificios, igual ao 5% da edificabilidade total da parcela.

II.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 261, de 31.10.2015.
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; BOE n.º 264, de 04.11.2003 (LPAP)
- Real decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei do patrimonio das administracións públicas; BOE n.º 226, de 18.09.2009 (RXLPAP)
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais; BOE n.º 161, de 07.07.1986 (RBEL)
- Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da comunidade autónoma de Galicia, DOG- n.º 203, de 24.10.2011.
- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector público; BOE n.º 276, de 16.11.2011 (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público; BOE n.º 118, de 15.05.2009
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas; BOE n.º 257, de 26.10.2001 (RXLCAP)

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992; modificada pola Lei 4/1999 de 13 xaneiro; BOE n.º 12, de 14.01.1999;*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)*
- *Real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010; BOP n.º 193, de 06.10.2010*

III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- **OBXECTO** O obxecto deste acordo é iniciar o expediente para ceder gratuitamente, a titularidade das parcelas descritas no antecedente segundo deste acordo para a construción polo IGVS de vivendas de promoción pública.

2.- **NATUREZA DO BEN** As parcelas referidas teñen a natureza de ben patrimonial, integradas no denominado patrimonio municipal do solo. O destino deste patrimonio é o previsto no apartado primeiro do artigo 177 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Entre os fins a que debe destinarse o PMS está a construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública. Destino que recolle, así mesmo, o artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana. A cesión que se pretende, permite o cumprimento da finalidade dos aproveitamentos atribuídos ao Concello correspondentes a participación na xestión urbanística das áreas de reparto, tal e como se establece no artigo 177.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O artigo 177.4 desta Lei,, establece que os municipios poderán ceder gratuitamente os bens incluídos no patrimonio municipal do solo, nos supostos previstos na lexislación vixente, con destino á construción de vivendas de protección pública ou equipamentos comunitarios.

O Inventario do Patrimonio Municipal do Solo (IPMS) do Concello de Vigo foi aprobado inicialmente por acordo plenario de 29.10.2012, no mesmo se relacionan as parcelas que, no momento da súa formulación, se puido verificar que reunían as características indicadas no art. 176 da LOUGA, entendéndose definitivamente aprobado ao non terse presentado alegacións durante o período de exposición pública por acordo do Consello da XMU de 11-01-2013.

3.- **IGVS** O Instituto Galego da Vivenda e do Solo é un organismo autónomo pertencente á actual Consellería de Infraestruturas e Vivenda, (Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda), creado por Lei 3/1988, do 27 de abril. Correspóndelle a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda

digna e adecuada, especialmente para os sectores con menos capacidade económica, e a unha utilización do solo de acordo co interese xeral, erradicando a especulación e actuando como elemento de regulación do mercado inmobiliario e de mellora da calidade ambiental. Ten expresamente atribuída a función de promoción pública de vivendas de protección oficial.

Nas condicións de cesión deberá necesariamente figurar o previsto apartado 1º do artigo 23 do decreto 253/2007 sobre réxime das vivendas de promoción pública, locais de negocio e solo de promoción pública: “No suposto de que o concello cedese gratuitamente o o solo urbanizado preciso para a promoción de que se trate, o 10 por 100 das vivendas resultantes ou da superficie útil edificada será de cesión gratuíta a aquel. As vivendas serán destinadas preferentemente á mesma finalidade prevista no punto 2 b) deste artigo e os locais comerciais con fins de interese público e social”.

4.- PROCEDEMENTO LEGALMENTE ESTABLECIDO PARA A CESIÓN GRATUÍTA DAS PARCELAS. O artigo 29 da Lei 5/2011, de patrimonio da comunidade autónoma de Galicia, de aplicación ás entidades locais, consonte a súa disposición final segunda, dispón que, a titularidade dos bens inmoables do patrimonio das entidades locais poderá ser transmitida a outras administracións públicas, para os mesmos fins determinantes da afectación ou para outros fins de uso xeral ou de servizo público de competencia da administración pública receptora dos bens ou dereitos.

Para proceder a esta transmisión de titularidade, a nomeada Lei 5/2011, establece o procedemento a seguir:

- Que se solicite pola Administración interesada. Solicitud realizada polo IGVS para construír vivendas de promoción pública.*
- Que se acorde o cambio de titularidade das parcelas, o cal se realiza mediante a incoación e tramitación do presente expediente de cesión gratuíta.*
- Que se proceda a formalización en documento administrativo do cambio de titularidade.*

Con carácter previo á adopción do acordo de cesión das parcelas procede a apertura dun trámite de información pública, polo prazo de 15 días hábiles de conformidade co artigo 110 do Regulamento de bens das entidades locais e artigo 86 de Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

IV.-COMPETENCIA

1.-A promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostibilidade financeira. é unha competencia propia do Municipio de conformidade co disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (redacción pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local). Esta competencia recóllese, así mesmo, no artigo 7 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia.

2.-Conforme o artigo segundo dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo é función deste organismo autónomo a xestión do patrimonio municipal do solo, ostentando a titularidade fiduciaria con pleno poder dispositivo sobre os bens que o integran, correspondendo a titularidade dominical ao Concello; sendo competencia do Consello da Xerencia a adopción de actos de disposición dos bens que integren o patrimonio municipal do solo nos termos previstos na lexislación vixente en materia de urbanismo e patrimonio.

3.- A enaxenación do patrimonio das entidades locais cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros corresponde á Xunta de Goberno Local atendendo ao disposto nos apartados .1 e 3 da disposición adicional 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público. previa a súa consideración polo Consello de Xerencia da XMU (Art. 10.1.j Estatutos XMU).

4.-Compete a concelleira delegada da Área de urbanismo, Vicepresidenta da XMU, a planificación e a execución da política municipal en materia de vivenda, promovendo as relacións con outros órganos estatais ou autonómicos, especialmente co IGVS. (Resolución de delegación de competencias do Alcalde de 19-06-2015)

VI.- PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, a adopción da seguinte:

«RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Iniciar expediente para ceder, ao Instituto Galego de Vivenda e Solo a titularidade das seguintes parcelas :

PARCELA B 8A P.P. CAMBESES– RÚA IGNACIO GROBAS: Parcela nº 150 do IPMS	
Situación	Avda. Ramón Nieto, Vigo
Superficie	1590 m2
Ref. catastrais	6257153NG2765N0001ZU
Inscripción rexistral	Rexistro da propiedade de Vigo n.º 2, Tomo 2222, Libro 1144, Folio 37, finca rexistral 68030
Lindeiros	Norte: Do límite Norte do P. Parcial; Sur: Vial "B" e aparcamento; Leste: Do límite Leste do P.P; Oeste: Parcela B.8b.

PARCELAS B 8B P.P. CAMBESES – RÚA IGNACIO GROBAS: Parcela nº 151 do IPMS	
Situación	Avda. Ramón Nieto, Vigo
Superficie	1660,00 m2
Ref. catastrais	6257152NG2765N0001SU

<i>Inscripción rexistral</i>	<i>Rexistro da propiedade de Vigo n.º 2, Tomo 2222, Libro 1144, Folio 40, finca rexistral 68032</i>
<i>Lindeiros</i>	<i>Norte: Do límite Norte do P.P.Cambeses; Sur: Vial "B"; Leste: Parcela B.8.a; Oeste: Parcela B9.</i>

<i>PARCELA 8 U.A. 03 CHANTADA: Parcela nº 155 do IPMS</i>	
<i>Situación</i>	<i>Rúa Canicouva, Vigo</i>
<i>Superficie</i>	<i>1419,70 m2</i>
<i>Ref. catastral</i>	<i>3223451NG2723S0001ZA</i>
<i>Inscripción rexistral</i>	<i>Rexistro da propiedade de Vigo n.º 5, Tomo 1525, Libro 1525, Folio 1, finca rexistral 78701</i>
<i>Lindeiros</i>	<i>N: liña quebrada de 10m, de 0,70m, de 7,1m, 12,37m e de 10m con solo de beirarrúa perimetral e patio mancomunado da manzana 8 do Polígono Sur. En liña quebrada, curva de 2,87m, 5,22m, 6,92m, 19,34m e 12,55m con solo de beirarrúa do vial proxecto de Compensación.</i>

SEGUNDO: Someter o expediente a información pública por prazo de 15 días, mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra, e no Taboleiro de anuncios e páxina web da Xerencia Municipal de Urbanismo, con indicación de que o expediente estará dispoñible para a súa consulta nas dependencias da Xerencia Municipal de Urbanismo.

TERCEIRO: Dar conta desta resolución ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e á Xunta de goberno local en canto órganos competentes na xestión do PMS e na enaxenación do patrimonio municipal."

Con data 22/01/16, a vicepresidenta da XMU, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión ordinaria do día 29/01/16, tomou coñecemento desta Resolución.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.